

ÍNDICE

INTRODUCCIÓN E OBXECTIVOS XERAIS DE ÁREA	3
---	----------

COMPETENCIAS BÁSICAS	6
-----------------------------	----------

PRIMEIRO CICLO

Primeiro curso:

Obxectivos	8
Competencias básicas.....	9
Contidos conceptuais	12
Contidos procedimentais	15
Contidos actitudinais	16
Criterios de avaliación	17
Procedemento da avaliación da aprendizaxe do alumnado	18
Instrumentos de avaliación, sistema de cualificación e recuperación	19
Contidos mínimos	20

Segundo curso:

Obxectivos	21
Competencias básicas	
Contidos conceptuais	25
Contidos procedimentais	28
Contidos actitudinais	28
Criterios de avaliación	29
Instrumentos de avaliación, sistema de cualificación e recuperación.	31
Contidos mínimos	34

SEGUNDO CICLO

Terceiro curso:

Obxectivos -----	34
Competencias básicas	36
Contidos conceptuais -----	39
Contidos procedimentais -----	42
Contidos actitudinais -----	43
Criterios de avaliación -----	44
Instrumentos de avaliación, sistema de cualificación e recuperación.....	45
Contidos mínimos -----	46

Cuarto curso:

Obxectivos -----	47
Competencias básicas -----	
Contidos conceptuais -----	49
Contidos procedimentais -----	52
Contidos actitudinais -----	53
Criterios de avaliación -----	54
Instrumentos de avaliación, sistema de cualificación e recuperación.....	55

CONTIDOS MÍNIMOS -----	56
-------------------------------	----

ATENCIÓN AOS ALUMNOS PENDENTES de cursos anteriores -----	57
--	----

PROBAS EXTRAORDINARIAS ...-.....	58
---	----

METODOLOXÍA -----	59
--------------------------	----

TEMAS TRANSVERSAIS -----	.61
---------------------------------	-----

ATENCIÓN Á DIVERSIDADE ----- 64

SAÍDAS E VISITAS CULTURAIS /PLAN LECTOR----- 65

MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS ----- 66

INTRODUCCIÓN E OBXECTIVOS

XERAIS DE ÁREA

Este departamento propón a súa programación didáctica baseándose no establecido no Real decreto 1631/2006 do Ministerio de Educación e Ciencia, do 29 de decembro, polo que se establecen as ensinanzas mínimas da Educación Secundaria Obrigatoria, e no Decreto 133/2007 do Consello da Xunta de Galicia, do 5 de xullo, polo que se establece o Currículo da Educación Secundaria Obrigatoria para esta Comunidade.

Proxectamos unha programación que sigue un modelo de ensinanza-aprendizaxe comprensivo que busca un modelo de educación integral que prepare aos alumnos/as para seren capaces de integrarse na sociedade como cidadáns responsables e participativos. Mediante a adquisición e o desenvolvemento das competencias básicas poderán integrarse na sociedade e ser capaces de adaptarse aos cambios no mundo laboral, cultural, científico...que, como estamos a ver, son cada vez máis rápidos.

Na etapa secundaria obrigatoria a área de Ciencias Sociais, Xeografía e Historia ten a función de axudar ao alumno na comprensión da realidade humana e social do mundo na que vive, e facilitar a función socializadora do ensino. Este proceso supoñe:

- facilitar a aprendizaxe dos nenos e nenas de maneira que lles axude a construír, adquirir e desenvolver as competencias básicas que lles permitan integrarse na sociedade do coñecemento e afrontar os continuos cambios que impoñen en todos os ordes da nosa vida os rápidos avances científicos e a nova economía global.
- A incorporación das ideas previas aos esquemas de recepción do coñecemento social que teñen os alumnos.
- A reelaboración persoal ou apropiación individual do coñecemento social, favorecendo non so o dominio conceptual senón tamén o procedemental e actitudinal.
- A aplicación, diversificación e profundización dos esquemas conceptuais interpretativos dos feitos e procesos sociais, establecendo a relación entre o coñecemento social suxectivo e empírico do alumno e o coñecemento socialmente compartido, artellado polas disciplinas científicas.
 - O modelo de competencia terá que ser dinámico e funcional resultado da combinación de habilidades prácticas, coñecementos, motivación, valores éticos, actitudes, e outros compoñentes sociais e de comportamento que permitan ao alumno/a integrarse nunha sociedade en permanente cambio.

Todo isto ten como obxectivo obxectivo contribuír a desenvolver nos alumnos e nas alumnas da etapa de Educación Secundaria Obrigatoria as capacidades seguintes:

- Adquirir un sentimento de pertenza a unha Comunidade nacional (Galicia), a un Estado e a unha cultura dende posicións solidarias e respetuosas con outras comunidades, Estados e culturas.
- Comprender que o patrimonio natural, cultural, histórico e artístico galego é diferente ao doutras nacionalidades e autonomías que compoñen o Estado, participando activamente na súa defensa e conservación.
- Aplica-los coñecementos adquiridos a partir do contacto coa realidade social galega para comprende-la súa situación actual, tendo en conta os factores externos ca condicionan, influíndo ás veces decisivamente, no funcionamento da nosa realidade.

- Identificar e apreciar a pluralidade das comunidades sociais ás que pertencen alumnas e alumnos, participando criticamente dos proxectos, valores e problemas dos mesmos con plena conciencia dos seus dereitos e deberes, e rexeitando as discriminacións existentes por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra circunstancia persoal ou social.
- Identificar os procesos e mecanismos básicos que rexen o funcionamento dos feitos sociais, utilizar-lo coñecemento para comprender as sociedades contemporáneas, analizar os problemas máis prementes das mesmas e formarse un xuízo crítico e razoado.
- Valorar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e individuos á súa identidade, manifestando actitudes de tolerancia e respecto por outras culturas e opinións que non sexan as propias, sen renunciar por iso a un xuízo crítico sobre as mesmas.
- Identificar e analizar as diferentes escalas das interaccións que as sociedades humanas establecen cos seus territorios na utilización do espazo e no aproveitamento dos recursos naturais, valorando as consecuencias de tipo económico, social, político e medioambiental.
- Identificar e analizar as interrelacións que se producen entre os feitos políticos, económicos, culturais, que condicionan a traxectoria histórica das sociedades humanas, así como o papel dos individuos, homes e mulleres, desempeñan nelas, asumindo que estas sociedades son o resultado de complexos e longos procesos de cambio que se proxectan no futuro.
- Valorar e respectar o patrimonio natural, cultural, lingüístico, artístico, histórico e social, asumindo as responsabilidades que supón a súa conservación e mellora, apreciándoo como fonte de lecer e utilizándoo como recurso para o desenvolvemento individual e colectivo.
- Resolver problemas e levar a cabo estudos e pequenas investigacións, aplicando os instrumentos conceptuais e as técnicas e procedementos básicos de indagación característicos das Ciencias Sociais, a Xeografía e a Historia.
- Obter e relacionar información verbal, icónica, estadística, cartográfica,... a partir de distintas fontes, e en especial dos actuais medios de comunicación, tratala de maneira autónoma e crítica de acordo co fin perseguido e comunicala aos demais de maneira organizada e intelixible.
- Realizar tarefas de grupo e participar en discusións e debates cunha actitude constructiva, crítica e tolerante, fundamentando axeitadamente as propias opinións e propostas e valorando a discrepancia e o diálogo como unha vía necesaria para a solución dos problemas humanos e sociais.
- Apreciar os dereitos e liberdades humanas como un logro irrenunciable da humanidade e unha condición necesaria para a paz, denunciando actitudes e situacións discriminatorias e inxustas e mostrándose solidario cos pobos, grupos sociais e persoas privados dos seus dereitos e dos recursos económicos necesarios.
- Recoñecer as peculiaridades do coñecemento científico sobre o social, valorando que o carácter relativo e provisional dos seus resultados ou definir a nosa aportación persoal do investigador son parte do proceso de construción colectiva dun coñecemento sólido e riguroso.
- Procurar a comprensión da realidade social galega actual como unha realidade dinámica e cambiante e interrelacionada con outras sociedades e culturas.

COMPETENCIAS BÁSICAS

Ser competente significa ser quen de activar e empregar diante dun problema o coñecemento que o alumno/a ten. Esta concepción encadrase dentro dos principios da aprendizaxe sinñificativa e funcional das teorías constructivistas.

As competencias básicas son as aprendizaxes conceptuais e procedimentais que deben ter desenvolvidas os alumnos/as ao rematar o ensino obrigatorio para incorporarse á vida adulta, dun xeito satisfactorio. Son oito as que propón a Unión Europea.

1. Competencia en comunicación lingüística

Esta competencia refírese á utilización da linguaxe como instrumento de comunicación oral e escrita. O alumnado terá que adquirir un vocabulario específico das ciencias sociais para poder utilizalo correctamente nas explicacións, argumentos, traballos escritos. Esta competencia implica a lectura e escritura de textos sociais e históricos cada vez máis complexos.

2. Competencia matemática

Consiste na habilidade para utilizar e relacionar os números, as súas operacións básicas, os símbolos matemáticos para interpretar distintos tipos de información referida tanto á xeografía como á historia: estadísticas, datos porcentuais, gráficos matemáticos...

3. Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico

Este é un aspecto esencial na materia de ciencias sociais en tanto que, axuda a analizar a acción humana na utilización do espazo e os seus recursos, as consecuencias que esto xenera e as medidas que se poden tomar para a defensa do medio ambiente. Implica, ademais, procedementos de orientación, localización, interpretación de espazos e paisaxes así como representacións cartográficas.

4. Tratamento da información e competencia dixital

As TIC resultan imprescindibles para buscar, obter e tratar a información e transformala en coñecemento. Popician tamén o traballo cooperativo entre o alumnado.

5. Competencia social e cidadá

As ciencias sociais xogan un importante papel na adquisición, polo alumnado, dunha actitude democrática e de responsabilidade ante a sociedade, pois, a medida que adquiren coñecementos históricos, van comprobando que, o mundo no que vivimos é froito das decisións e actitudes que tomaron os nosos antepasados, máis ou menos conscientemente.

6. Competencia cultural e artística

Supón coñecer, comprender, apreciar e valorar criticamente diferentes manifestacións culturais e artísticas, utilízalas como fonte de enriquecemento persoal e considéralas como parte do patrimonio dos pobos.

7. Competencia para aprender a aprender

Supón adquirir habilidades que permitan iniciar aprendizaxes e ser quen de continuar aprendendo de xeito cada vez máis eficaz e autónomo, chegando a recoñecer as propias capacidades e carencias.

8. Autonomía e iniciativa persoal

Esta competencia adquirese de xeito progresivo, a medida que o alumno/a avanza no proceso de aprendizaxe. Aplica valores e actitudes persoais interrelacionadas, como a responsabilidade, o esforzo, o coñecemento de si mesmo, a creatividade, a autocrítica, o control emocional, a capacidade de afrontar os problemas; así como a capacidade de aprender dos erros e de asumir riscos.

PRIMEIRO CICLO
OBXECTIVOS XERAIS DA MATERIA DE
1ºCURSO

- Definir os conceptos básicos de Xeografía relacionados co medio físico.
- Describir as principais formas do relevo e coñecer-las nomes dos sistemas montañosos, picos e accidentes costeiros máis importantes do mundo.
- Localizar as principais conchas hidrográficas da terra e as súas características.
- Diferenciar os principais tipos de clima e vexetación da terra e coñecer-la súa distribución espacial.
- Analizar as causas, efectos e localización dos principais problemas medioambientais a nivel mundial, incidindo sobre todo na intervención dos seres humanos neses procesos.
- Analizar as relacións entre o medio físico e o ser humano, estudando o medio como factor que estimula ou frea determinadas actividades, así como a intervención dos grupos humanos sobre a paisaxe para superar as súas características.
- Coñecer as características do medio físico de Galicia e a súa influencia sobre os usos humanos.
- Estudo do medio físico, poboación e recursos de cada un dos continentes, con especial atención a Europa, e dentro dela, a Unión Europea.
- Definir os conceptos históricos básicos (políticos, económicos, sociais e culturais) dende a Prehistoria á fin da Idade Antiga.
- Comprender a sucesión de diversas etapas e civilizacións dende a Prehistoria á Idade Antiga e coñecer as principais características de cada unha delas, con especial atención á vida cotiá e aos grupos sociais marxinais ou máis desfavorecidos.
- Comparar a evolución de España coa do resto de Europa dende a Prehistoria ao resto da Idade Antiga.
- Estudiar a situación de Galicia en cada unha das principais etapas históricas, analizando a súa posición dentro da evolución xeral da Península Ibérica.
- Realizar mapas e gráficos seguindo criterios de obxectividade na selección de fontes e de claridade na presentación.
- Identificar as consecuencias a curto e longo prazo dun acontecemento ou proceso histórico, facendo especial fincapé nas consecuencias da Historia sobre o noso mundo.
- Tomar conciencia dos graves problemas ecolóxicos aos que se enfrenta a vida humana sobre a Terra, valoralo impacto dos humanos sobre o ambiente e provocar actitudes favorables á defensa do medio

COMPETENCIAS BÁSICAS

1. Competencia social e cidadá

- Comprender a achega que as diferentes culturas fixeron á evolución da humanidade.
- Reflexionar de forma crítica sobre os feitos e problemas sociais e históricos.
- Expresar as propias opinións de forma asertiva.
- escoitar activamente; saber poñerse no lugar do outro e comprender o seu punto de vista.
- Relacionarse, cooperar e traballar en equipo.
- Comprender os valores democráticos.
- Entender os comportamentos e as formas de vida en contextos históricos e/ou culturais distintos do propio.

2. Coñecemento e a interacción co mundo físico

- Coñecer as características do espazo físico no que se desenvolven a vida e a actividade humana.
- Localizar no espazo os elementos do medio físico e os acontecementos históricos traballados.
- Analizar a acción do ser humano sobre o medio e interesarse pola conserva do ambiente.
- Aprender a orientarse e a situarse no espazo, utilizando mapas e planos.
- Realizar predicións e inferencias de distinto nivel de complexidade.

3. Competencia cultural e artística

- Desenvolver a sensibilidade para gozar con distintas expresións do patrimonio natural e cultural.
- Valorar a importancia do patrimonio para acceder ao coñecemento das sociedades do pasado.
- Interesarse por contribuír á conservación do patrimonio cultural e artístico.

4. Tratamento da información e competencia dixital

- Obter información a través de fontes de distinta natureza: cartográficas, iconográficas, textuais, etc.
- Utilizar os buscadores para localizar información en Internet, seguindo un criterio específico.
- Analizar datos cuantitativos de táboas e gráficas.
- Relacionar, analizar, comparar e sintetizar a información procedente das distintas fontes traballadas.

5. Competencia en comunicación lingüística

- Interpretar textos de tipoloxía diversa, linguaxes icónicas, simbólicas e de representación.
- Saber expresar axeitadamente as propias ideas e emocións, oralmente e por escrito.
- Utilizar diferentes variantes do discurso, en especial a descrición e a argumentación.
- Defender o punto de vista persoal con argumentos coherentes e pertinentes.

- Elaborar definicións dos conceptos estudados, utilizando a terminoloxía máis axeitada en cada caso.
- escoitar, analizar e ter en conta opinións distintas á propia con sensibilidade e espírito crítico.

6. Competencia matemática

- Interpretar escalas numéricas e gráficas.
- Analizar e comparar a información cuantitativa de táboas, listaxes, gráficos e mapas.
- Facer cálculos matemáticos sinxelos para comparar dimensións, calcular distancias e diferenzas horarias.

7. Competencia para aprender a aprender

- Desenvolver o gusto pola aprendizaxe continua e a actualización permanente.
- Buscar explicacións multicausais para comprender un fenómeno e avaliar as súas consecuencias.
- Anticipar posibles escenarios ou consecuencias das accións individuais e sociais.
- Saber comunicar e expresar de forma efectiva os resultados do propio traballo.
- Tomar conciencia do que se aprendeu e o que falta por aprender.

8. Autonomía e iniciativa persoal

- Comprender as actividades presentadas e planificar a estratexia máis axeitada para resolvelas.
- Saber argumentar de forma lóxica e coherente os propios puntos de vista.
- Tomar decisións e saber escoller a maneira de recuperar a información máis axeitada en cada caso.
- Facer un seguimento das aprendizaxes realizadas.

CONTIDOS DE PRIMEIRO CURSO

1. CONCEPTUAIS:

1º trimestre:

U.D.1: *A TERRA, PLANETA DO SISTEMA SOLAR.*

O planeta Terra. A Terra, un punto no universo. Os movementos da Terra.

U.D.2: *A REPRESENTACIÓN DA TERRA: OS MAPAS.*

Latitude e lonxitude. A representación da Terra. Os mapas.

U.D.3: *AS FORMAS DA TERRA.*

A capa externa da Terra. Axentes da formación do relevo. As formas do relevo. Os continentes. Montañas e chairas. Illas, penínsulas e golfos. O relevo de Europa. O relevo de España.

U.D.4: *RÍOS E MARES. A TERRA É UN ECOSISTEMA.*

Os ríos. Océanos, mares, ríos e lagos da Terra. A dinámica oceánica. A riqueza de océanos e mares. A auga e o seu aproveitamento. Ríos e mares de Europa da Península Ibérica. A Terra é un ecosistema. Riscos naturais.

U.D.5: *TEMPO E CLIMA. RISCOS PROVOCADOS POLA ACCIÓN HUMANA.*

A atmósfera. A temperatura. A humidade do aire e as precipitacións. A presión atmosférica e o vento. Riscos provocados pola acción humana.

2º trimestre:

U.D.6: *CLIMAS E PAISAXES DA TERRA. O MEDIO AMBIENTE URBANO.*

Climas da Terra. Paisaxes da zona cálida. Paisaxes das zonas frías. Paisaxes das zonas temperadas. O medio ambiente urbano.

U.D.7: *CLIMAS E PAISAXES DE EUROPA, ESPAÑA E GALICIA. DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE.*

Climas e paisaxes de Europa. Climas e paisaxes de España. Paisaxes humanizadas de España. Climas e paisaxes de Galicia. O desenvolvemento sostible.

U.D.8: *A HUMANIDADE PREHISTÓRICA.*

Os primeiros seres humanos. O paleolítico. Arte e maxia no paleolítico. O neolítico. A aldea neolítica. A idade dos metais. Prehistoria na Península Ibérica. Galicia na Prehistoria.

U.D.9: *AS PRIMEIRAS CIVILIZACIÓNS: MESOPOTAMIA E EXIPTO.*

Mesopotamia. A cultura mesopotámica. Exipto. A sociedade exipcia. A vida cotiá no Antigo Exipto. Deuses, templos e tumbas.

U.D.10: *O MUNDO GREGO.*

A orixe das polis gregas. A expansión do mundo grego. A democracia ateniense. O esplendor de Atenas. A Grecia helenística.

3º trimestre:

U.D.11: *O IMPERIO ROMANO.*

As orixes de Roma. A Roma republicana. A conquista do Mediterráneo. O imperio. As cidades romanas. A vida cotiá. O mundo rural e o comercio. A relixión dos romanos, o cristianismo. Urbanismo e arte romana. Gallaecia, unha provincia do Imperio romano.

U.D.12: *HISPANIA ROMANA.*

Os pobos prerromanos. Galicia entra na Historia: a cultura castrexa. A conquista de Hispania. Hispania provincia romana. O legado de Roma: arte e cultura hispanorromana.

U.D.13: *A HERDANZA DA CULTURA CLÁSICA.*

A relixión grega e romana. A cultura clásica. A arquitectura grega. A arquitectura romana. Escultura, cerámica e pintura en Grecia. Escultura, pintura e mosaico en Roma. A herdanza romana en Galicia.

U.D. 14: *A FRAGMENTACIÓN DO MUNDO ANTIGO.*

Os reinos xermánicos. O Imperio bizantino (476-1453). A Hispania visigoda. Carlomagno. Os suevos en Galicia.

2. PROCEDIMENTAIS:

- Traballo cos elementos auxiliares nas representacións xeográficas (escalas gráficas e numéricas), tintas de cores e curvas de nivel. Interpreta-lo seu significado.
- Localización de distintos puntos a través da lectura da súa latitude e lonxitude.
- Construcción de perfís topográficos simples.
- Lectura e interpretación de gráficos e digramas de distinto tipo e elaboración destes a partir de táboas e cadros estatísticos.
- Recollida e tratamento de datos de precipitacións e temperaturas.
- Interpretación e análise de climogramas e gráficos.
- Estudio de procesos de cambio histórico e representación en liñas do tempo, cadros cronolóxicos e mapas históricos.
- Análise das raíces históricas dun acontecemento ou proceso histórico.
- Análise comparativa dalgunhas obras de arte da antigüidade, buscando analoxías, diferencias e detectando influencias.
- Manexo das TIC no estudo das civilizacións antigas..
- Recoñecemento de elementos característicos do proceso de romanización en España e en Galicia..
- Elaboración de traballos, individuais ou en grupo, organizando datos e ideas para tratamento de información propia de xeografía e historia.

3. ACTITUDINAIS:

- Interese por coñecer e descubri-la diversidade de paisaxes e territorios de distinto tipo, foran ou non modificados polo ser humano.
- Actitude de defensa e conservación do medio e de recuperación do equilibrio ecolóxico se este foi alterado.
- Interese por coñecer os distintos criterios que permiten constatar os progresos da humanidade ao longo da historia.
- Interese por ter en conta os puntos de vista da época e las súas presentacións mentais e culturais ao analizar unha etapa histórica.
- Interese por coñece-las maneiras de expresión artística e cultural de sociedades alonxadas no tempo e no espacio.
- Talante democrático, participativo e tolerante en tódalas relacións na comunidade educativa.
- Reflexión sobre as consecuencias da intervención do home no medio .

CRITERIOS DE AVALIACIÓN DE PRIMEIRO CURSO

A avaliación da aprendizaxe do alumno estará relacionada cos obxectivos xerais propostos na programación didáctica para a etapa e coa adquisición das competencias básicas.

Valoraranse tódalas actividades realizadas de modo individual e en equipo, valoraranse tamén as probas, o material de traballo da clase e mailo interese amosado polo alumno e a súa actitude cara a materia.

Respecto á materia a avaliar valorarase:

- Utilización correcta do vocabulario xeográfico.
- Coñecemento do noso planeta. Distinción das capas que o constitúen. Distribución das terras e das augas (continentes e océanos).
- Interpretación de planos, mapas e fotografías aéreas.
- Concepto de clima. Utilización dos distintos aparatos que se utilizan para medirlos elementos do clima. Distinguí-las zonas climáticas da terra e as súas características.
- Identificación dos trazos físicos máis destacados dos medios físicos de Galicia, España e Europa (relevo, hidrografía, climas,...).
- Identificación e situación cronolóxica das principais civilizacións e sociedades históricas dende a Prehistoria ata a caída do Imperio Romano de Occidente.
- Localización dos trazos físicos e políticos máis salientables dos medios naturais de Asia e África.
- Identificación e situación cronolóxica e xeográfica dos principais pobos, sociedades e culturas que se desenvolveron en Galicia e en España dende a Prehistoria ata as invasións dos pobos xermánicos.
- Localización dos trazos físicos e políticos máis destacados de América e Oceanía.
- Distinción dos recursos naturais do noso planeta. Sectores productivos (agricultura, gandería, pesca, recursos forestais, minería, industria, comercio, transportes e comunicacións).
- Ordenamento da evolución que sufriu, ao longo das diferentes épocas históricas, algún aspecto concreto das formas de organización social e política das manifestacións culturais ou das mentalidades, sinalando os principais momentos de cambio.
- Comparación de obras de arte representativas dende a Prehistoria ata a Idade Moderna, e situálas cronoloxicamente.
- Comprensión dos trazos característicos das primeiras civilizacións urbanas e a civilización grega.
- Caracterización dos rasgos da organización política, económica e social da civilización romana e a relevancia da romanización para España e para Galicia.
- Lectura comprensiva de fontes de información.

PRIMEIRO CURSO

PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN DA APRENDIZAXE DO ALUMNADO		
Criterios	Actividades	Instrumentos
Utilizar correctamente o vocabulario ecoxeográfico.	Elaboración de caderno de aula.	Mantén normas de urbanidade e de disciplina na aula, cara ao profesorado, cara aos compañeiros e nas saídas culturais.
Interpretar planos, mapas, fotografías aéreas.	Emprego das TIC	
Asimilar o concepto de clima.	Estudio continuado.	Manexo do vocabulario propio da materia de xeografía, de historia e de expresión artística.
Distinguir as zonas climáticas e as súas características.	Búsqueda de información complementaria en atlas, libros de consulta, internet.	Utiliza datas cronolóxicas correctas.
Identificar trazos físicos destacados de Galicia, España, Europa.	Selección e interpretación de noticias de prensa sobre temas xeográficos	Identifica trazos físicos destacados dos medios físicos de Galicia, España e Europa (relevo, hidrografía, climas...).
Identificar e situar cronoloxicamente as sociedades históricas dende a Prehistoria ata o final do Imperio romano de Occidente.	(mapa do tempo, contaminación ambiental, datos demográficos...).	Identifica e sitúa cronoloxicamente as primeiras civilizacións e sociedades históricas, dende a Prehistoria ata o final do Imperio romano
Identificar e localizar trazos xeopolíticos de América, Asia, África	Búsqueda e interpretación de noticias de prensa relaciona-	

ca e Oceanía.	das co pasado histórico de Galicia, España e o Mundo.	de Occidente.
Distinguir os recursos naturais do Planeta e a acción do home sobre o medio.	Lectura e comentario, sinxelo, dun libro de tema ecoxeográfico, de viaxes...	Presenta limpos e ordeados o caderno de alumno, as probas escritas, os traballos complementarios.
Ordenar a evolución sufrida, ao longo das diferentes épocas históricas, algún aspecto concreto das formas de organización social e cultural ou das mentalidades, sinalando os principais momentos de cambio.	Lectura e comentario, sinxelo, dun libro de tema histórico ou artístico.	Respecta as datas establecidas para a entrega de todos os traballos, ao longo do curso.
Comparar obras de arte representativas dende a Prehistoria ata a Idade Moderna e situalas cronoloxicamente.	Elaboración de actividades sobre documentais e películas proxectadas na aula	Mostra actitude participativa nas proxeccións de audiovisuais e nas visitas culturais.
	Elaboración de traballos en pequenos grupos.	Mantén actitude de colaboración nos traballos en pequeno grupo.
	Realización de exames escritos.	Asiste regularmente a todas as actividades docentes.
	Elaboración e interpretación de gráficos, mapas, estatísticas.	

Instrumentos de avaliación	Sistemas de cualificación	Recuperación durante o curso
<u>Exames escritos:</u> Se realizarán dúas probas escritas, como mínimo, por trimestre, dependendo do ritmo de traballo e do nivel de motivación e de asimilación de conceptos do grupo. Constarán de: - <i>Exercicios prácticos</i> traballados na aula de <i>xeografía</i>, comentario e interpretación de gráficas climáticas, localización de accidentes xeográficos, de países, de capitais. - De <i>historia</i>, comentario e e interpretación de mapas e de textos, elaboración de eixes cronolóxicos, análise de obras artísticas. - <i>Cuestións teóricas</i> que permitan ao ao alumnado mostrar o nivel de	A <i>nota numérica</i> da da avaliación será a suma de Os conceptos: resultado dos exames, exercicios, e traballos, propostos no curso: 60% Os procedementos e as e competencias básicas: da observación directa do modo de traballo do alumnado, exames e corrección de libretas: 30% . A actitude: 10% <i>Para acadar o aprobado o alumno terá que acadar un 5.</i>	O alumnado terá a posibilidade de facer un exame de <u>recuperación</u> despois da primeira e segunda avaliación. <u>Exame final</u> de toda a materia : Se presentarán os alumnos • Que non aprobaron ningún exame de avaliación. • Que teñan alguna avaliación suspensa. • Que acumulen faltas de asistencia sen xustificar. • Que manteñan unha situación de absentismo escolar. Datas para facer exames:

co- ñecementos , manexo de vocabulario,asimilación de con- ceptos, acadado. <i>Traballo de aula</i> -Caderno do alumno/a. -Traballos individuais e en grupo. - Lecturas. - Audiovisuais. - TIC <i>Actitude e motivación</i> -Asistencia regular, puntualidade, urbanidade, colaboración, motiva- ción, esforzo, compañerismo...		A mediados de cada trimestre e na semana anterior ás sesións de avaliación.
--	--	--

CONTIDOS MÍNIMOS

PRIMEIRO CURSO

- Manexar o vocabulario xeográfico e histórico elemental.
- Comprender os conceptos básicos da xeografía física.
- Comprender o planisferio, situando as distintas partes do mundo e localización de puntos dadas as súas coordenadas.
- Coñecer as principais paisaxes climáticas e os riscos provocados pola acción humana.
- Coñecer as distintas partes do mundo nos aspectos físico e político.
- Distinguir as diferentes etapas da Prehistoria e as circunstancias que concorriron para o paso ás civilizacións urbanas.
- Entender a influencia cultural do pensamento grego e das súas manifestacións artísticas..
- Valorar a nosa herdanza latina como base da civilización europea occidental, con especial fincapé no caso de Galicia.

SEGUNDO CURSO

OBXECTIVOS DE SEGUNDO CURSO

- Entender a relación entre os acontecementos máis significativos da historia medieval e moderna de Galicia, de España e de Europa, respectando os aspectos comúns e os de carácter diverso, a fin de valorar a pertenza a varias identidades colectivas.
- Recoñecer as actitudes e situacións discriminatorias que tiveron lugar ao longo da historia por razón de raza, sexo, relixión... ou de calquera outra condición ou circuns-tancia persoal ou social; e amosar unha actitude solidaria cos individuos e colec-tividades que foron obxecto desta discriminación.
- Adquirir e utilizar o vocabulario específico da área con precisión e rigor.
- Manexar e interpretar correctamente diferentes instrumentos de traballo xeográfico e histórico como las gráficas, los mapas, las series estadísticas, imáxes.
- Elaborar croquis, gráficos sencillos, organigramas e mapas conceptuais para representar os fenómenos históricos e xeográficos traballados.
- Recoñecer e valorar positivamente a pluralidade lingüística e cultural de España e de Europa e manifestar actitudes de tolerancia e respecto cara á culturas, costumes e tradicións distintas da propia.
- Recoñecer os mecanismos esenciais que rexen o funcionamento dos feitos sociais e económicos dentro da estrutura da nosa sociedade .
- Ordenar os acontecementos históricos en eixes cronolóxicos e localizalos no espacio.
- Coñecer as oríxes do Islam, as diferentes fases da súa expansión, e as diferentes etapas da historia de Al-Andalus.
- Coñecer a arte e cultura das distintas comunidades que conviviron na Península: xudeus, mozárabes, mudéxares.
- Explicar a composición e os rasgos distintivos dos distintos estamentos da sociedade medieval: modo de vida, nivel de riqueza, actividades económicas, etc.
- Explicar o funcionamento dun feudo e o tipo de relacións que os campesiños mantiñan cos señores feudais.
- Saber como estaba organizada a Igrexa na Idade Media, cales eran as súas principais ordes religiosas e valorar a importancia desta institución na Europa Cristiá.
- Coñecer as orixes da cidade medieval, identificar os seus principais edificios e recoñecer as actividades económicas que se desenvolvían no seu interior, dedicando unha especial atención ao funcionamento dos gremios.
- Identificar e localizar no mapa as principais rutas comerciais e centros mercantís da Idade Media, destacando os centros galegos.
- Coñecer a composición e as formas de vida dos distintos grupos sociais que habitaban na cidade medieval, facendo especial fincapé na nova clase social: a burguesía.
- Coñecer as causas da crisis da Baixa Idade Media (séculos XIV y XV).
- Identificar as características e a evolución dos reinos cristias dende o século XII ata finais da Idade Media, dedicando unha especial atención ao Reino de Galicia.

- Analiza-lo concepto de Reconquista, as súas causas e o proceso de repoboación dos territorios ocupados, localizando no mapa as etapas máis importantes.
- Coñece-la forma de goberno e as institucións dos Estados cristiáns da Península a partir do século XII, dedicando unha especial atención ás institucións galegas.
- Comprender as orixes da Coroa de Castela e da Coroa de Aragón explicando feitos salientables da expansión política e económica da Coroa de Aragón no Mediterráneo occidental.
- Valorar a importancia do Camiño de Santiago na Idade Media como elemento revitalizador da economía e como vía de penetración das ideas e dos estilos artísticos.
- Describir os trazos da arte románica e gótica en Europa, Península ibérica e Galicia.
- Comprender os principios do Humanismo e o Renacemento así como as súas manifestacións artísticas en Europa e nos reinos hispánicos
- Prestar atención a política desenvolvida polos Austrias con especial atención ao descubrimento do Novo Mundo.
- Analizar as bases estéticas do Barroco en Europa e en Galicia.
- Comparar as características das sociedades rurais, industriais e postindustriais.
- Identificar a distribución da poboación no planeta, e as diferentes densidades de poboación.
- Clasificar os diferentes tipos de cidades existentes segundo os sistemas de produción e as actividades económicas que se practican nelas.
- Coñecer as distintas fases da evolución da poboación mundial, comparando os rexímenes demográficos dos países desenvolvidos e dos países subdesenvolvidos.
- Explicar as causas da baixa natalidade e das consecuencias do actual envellecemento da poboación nos países desenvolvidos, facendo especial fincapé nas series estatísticas de Galicia e de España.
- Analizar as características da poboación de Galicia e de España: índices de natalidade, esperanza de vida, pirámides de idade, distribución no territorio, etc.
- Realizar actividades relacionadas co estudo demográfico: elaborar e interpretar pirámides de poboación, realizar cálculos de densidades de poboación, interpretar series estatísticas, etc.
- Entendee os conceptos de taxa de natalidad, taxa de fecundidade, taxa de mortalidade e taxa de crecemento natural; sabelos calcular axeitadamente e valorar a información que nos aportan.
- Comprender as causas dos movementos migratorios e clasificar diferentes tipos de migracións e as causas que as motivan.
- Recoñecer as actitudes e situacións discriminatorias que se veñen dando ao longo da historia do home por razón de sexo, raza, relixión...ou de calquera outra situación ou circunstancia, mostrando actitudes solidarias.
- Apreciar os dereitos e liberdades das persoas como un logro irrenunciable da humanidade, denunciar as actitudes discriminatorias e inxustas e mostrarse solidario con quen estea privado dos seus dereitos ou dos recursos económicos necesarios.

COMPETENCIAS BÁSICAS

1. Competencia social e cidadá

- Comprender o concepto de tempo histórico.
- Identificar a relación multicausal dun feito histórico e as súas consecuencias.
- Coñecer as grandes etapas e os principais acontecementos da Idade Media e a Historia Moderna.
- Comprender o funcionamento das sociedades, o seu pasado histórico, a súa evolución e transformacións.
- Desenvolver a empatía mediante a comprensión das accións humanas do pasado.
- Expresarse de forma asertiva e mostrar unha actitude favorable ao diálogo e mais ao traballo cooperativo.

2. Coñecemento e a interacción co mundo físico

- Identificar e localizar os ámbitos xeopolíticos, económicos e culturais en que se enmarcan os acontecementos da Idade Media e a Historia Moderna.
- Coñecer os distintos usos do espazo e dos recursos que fixeron as sociedades ao longo dos períodos históricos estudados.

3. Competencia cultural e artística

- Comprender a función que as artes tiveron e teñen na vida dos seres humanos.
- Recoñecer os diferentes estilos da arte medieval e moderno, e os valores estéticos que expresan.
- Analizar obras de arte de xeito técnico e identificar o contexto histórico que explica a súa aparición.
- Desenvolver unha actitude positiva en relación coa conservación e a protección do patrimonio histórico.

4. Tratamento da información e competencia dixital

- Relacionar e comparar a información procedente de diversas fontes: escritas, gráficas, audiovisuais etc.
- Contrastar a información obtida para acadar un pensamento crítico e creativo.
- Elaborar a información recollida e traducíndoa a outro formato ou linguaxe.
- Empregar as posibilidades que ofrecen as TIC na procura e o procesamento da información.

5. Competencia en comunicación lingüística

- Utilizar adecuadamente o vocabulario propio das ciencias sociais para construír un **discurso preciso**.
- Desenvolver a empatía e interesarse por coñecer opinións distintas á propia.
- Utilizar diferentes variantes do discurso, en especial, a descrición e a argumentación.
- Ler e interpretar textos de tipoloxía diversa, linguaxes icónicas, simbólicas e de representación.

6. Competencia matemática

- Elaborar e interpretar eixes cronolóxicos.
- Analizar e comprender os datos cuantitativos recollidos en táboas, gráficos e diagramas.

- Facer cálculos matemáticos de números enteiros e porcentaxes para chegar a conclusións cuantitativas.

7. Competencia para aprender a aprender

- Buscar explicacións multicausais para comprender os fenómenos sociais e avaliar as súas consecuencias.
- Utilizar distintas estratexias para organizar, memorizar e recuperar a información: esquemas, resumos etc.
- Participar en debates e contrastar as opinión persoais coas do resto de compañeiros.
- Desenvolver o interés pola aprendizaxe continua e mais a actualización permanente.

8. Autonomía e iniciativa persoal

- Asumir responsabilidades, planificar e resolver as actividades propostas.
- Interpretar adecuadamente as particularidades de cada problema estudado.
- Saber argumentar de forma lóxica e coherente as explicacións dos conceptos e fenómenos estudados.
- Autorregular o propio aprendizaxe: tomar conciencia do que se sabe e do que falta por aprender; e realizar autoavaliacións do propio traballo.

CONTIDOS DE SEGUNDO CURSO

1. CONCEPTUAIS:

1º trimestre:

U.D.1: *O ISLAM E AL-ANDALUS.*

O comenzo a a aparición do Islam. Al-Andalus: do califato aos reinos de taifas. Economía, sociedade e arte andalusí.

U.D.2: *O FEUDALISMO.*

O nacemento da Europa feudal. A nobreza, o campesiñado e a Igrexa feudais. A arte románica: arquitectura, escultura e pintura.

U.D.3: *A CIDADE MEDIEVAL.*

Renacemento das cidades. As actividades urbanas: artesanía e comercio. A sociedade urbana. A crise baixomedieval. A arte gótica.

U.D.4: *NACEMENTO E CONSOLIDACIÓN DOS GRANDES REINOS PENINSULARES.*

A orixe dos reinos cantábricos, pirenaicos e dos primeiros condados. Expansión e repoboación dos séculos XI e XIII. O reino de Castela: economía e sociedade. O reino de Aragón: economía e sociedade. Románico e Gótico na Península Ibérica.

U.D.5: *GALICIA NA IDADE MEDIA.*

Da invasión musulmá á Coroa de Castela. A sociedade. As actividades económicas. Conflictos sociais ao final da Idade Media. Arte medieval en Galicia: románico e gótico.

2º trimestre:

U.D 6: *RENACEMENTO E REFORMA.*

O Humanismo. A Reforma e a Contrarreforma. O espírito do Renacemento. Arte do Renacemento.

U.D.7: *A MONARQUÍA AUTORITARIA: OS REIS CATÓLICOS.*

A Europa do século XV. A monarquía dos Reis Católicos: organización económica, política e social. Humanismo e Renacemento en España.

U.D.8: *OS GRANDES DESCUBREMENTOS XEOGRÁFICOS.*

Portugal e Castela nas expedicións xeográficas. Os pobos precolombinos. Conquista e colonización do Imperio americano. A colonización española.

U.D.9: *O IMPERIO DOS AUSTRIAS.*

O Imperio universal de Carlos V. O Imperio hispánico de Filipe II. Economía e sociedade hispánica do século XVI. A crise económica e social do século XVII. Galicia nos séculos XVI e XVII: política, economía e sociedade.

U.D.10: *O SÉCULO DO BARROCO.*

Sociedade e economía no século XVII. O Absolutismo en Europa. A arte do Barroco en Europa. O barroco galego.

3º trimestre:

U.D.11: *A POBOACIÓN MUNDIAL E A SÚA DISTRIBUCIÓN.*

A poboación mundial e a súa distribución. Evolución da poboación mundial. A dinámica da poboación: as migracións. Poboación e traballo. Pirámides de poboación.

U.D.12: *A POBOACIÓN DE ESPAÑA E DE GALICIA.*

Evolución e características da poboación española. Distribución da poboación no territorio. Poboamento rural e urbano. Emigración e inmigración en España. A poboación de Galicia.

UD.13: *A CIDADE E O URBANO.*

Unha aproximación á cidade. A morfoloxía urbana. O crecemento urbano ao longo do tempo. As grandes cidades. Estructura do sistema urbano español. As cidades de Galicia.

UD.14: *AS SOCIEDADES HUMANAS.*

Organización da sociedade humana. Evolución da sociedade humana. A sociedade europea. A sociedade española e a galega. Inmigración e diversidade cultural.

2. PROCEDIMENTAIS:

- Lectura e interpretación de gráficos e diagramas de distinto tipo e elaboración destes a partir de táboas e cadros estatísticos.
- Elaboración e análise de mapas e planos seguindo criterios de obxectividade na selección de fontes.
- Estudio de procesos de cambio histórico e representación en liñas do tempo, cadros cronolóxicos e mapas históricos.
- Análise das raíces históricas dun acontecemento ou proceso histórico.
- Realización de comentarios de texto moi sinxelos.
- Análise comparativa dalgunhas obras de arte, buscando analoxías e diferencias e detectando influencias.
- Selección e recopilación de información de diferentes fontes escritas, visuais, internet para elaborar discursos coherentes adecuados a materia obxecto de estudo.

3. ACTITUDINAIS:

- Recoñecemento da complexidade dos fenómenos e intereses que xeran as desigualdades.
- Identificación de trazos e características que establecen diferencias entre a poboación do mundo.
- Concienciación e actuación positiva ante os problemas xerados por esas desigualdades e respecto ante as formas de vida distintas ás nosas.
- Recoñecemento da capacidade das institucións que emanan da democracia e que funcionan baixo os seus principios como instrumentos axeitados para resolver discrepancias.
- Respecto polos principios democráticos e as institucións que os representan e velan polo seu mantemento.
- Recoñecemento da existencia doutras formas de vida, crenzas, actitudes e puntos de vista nas distintas etapas da historia.
- Interese por coñecer as diferentes aportacións culturais procedentes dos distintos pobos e xentes que conforman o Estado español.
- Interese por descubrir, nas formas de expresión artísticas e culturais de sociedades doutras épocas, algúns trazos que permanecen ou desaparecen con respecto á época na que vivimos.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN DE SEGUNDO CURSO

A avaliación da aprendizaxe do alumno estará relacionada cos obxectivos xerais propostos na programación didáctica para a etapa e coa adquisición das competencias básicas, os contidos conceptuais, os procedementos e a actitude.

Valorarase o nivel de competencias desenvolvidas polo alumno/a e reflexado en tódalas actividades realizadas de maneira individual e en equipo, as probas escritas, o traballo desenvolvido na aula, e mailo interese amosado polo alumno e a súa actitude cara a materia.

Respecto á materia a avaliar valorarase:

- Utilización correcta do vocabulario histórico e xeográfico.
- Interpretación de planos, mapas históricos, textos escritos, imaxes e representacións plásticas.
- Descrición dos trazos sociais, económicos, políticos, culturais, artísticos que caracterizaron a Europa, España e Galicia dende a Idade Media ata a Idade Moderna.
- Situación no tempo e no espazo das diferentes unidades políticas da Península Ibérica buscando as pervivencias culturais na actualidade.
- Ordenación da evolución que sufriu, ao longo das diferentes épocas históricas, algún aspecto concreto das formas de organización social e política das manifestacións culturais ou das mentalidades, sinalando os principais momentos de cambio.
- Descrición dos factores que determinan os movementos demográficos, utilizando os conceptos e indicadores básicos, sinalando as características das tendencias predominantes actuais e aplicando esta análise ao actual réxime demográfico de Galicia.
- Identificación dos trazos que caracterizan as sociedades actuais distinguindo a diversidade de grupos sociais que a configuran, resaltando algún caso de desigualdade social manifesta.
- Comprensión da actual globalización dos mercados.
- Comparación do modelo demográfico dos países ricos con os de países pobres.
- Datación cronolóxica das principais civilizacións e sociedades históricas dende as invasións dos pobos xermánicos ata a Idade Moderna.
- Situación cronolóxica e xeográfica dos principais pobos, sociedades e culturas que se desenvolveron en Galicia e en España dende a caída do Imperio Romano de Occidente ata a Idade Moderna, e análise de vestixios materiais e visuais.
- Interpretación e explicación de pirámides de poboación, porcentaxes de datos demográficos, mapas de poboación mundial, española e galega.
- Descrición dos índices de benestar de Europa, España e Galicia.

SEGUNDO CURSO

Instrumentos de avaliación	Sistemas de cualificación	Recuperación durante o curso
<u>Probas escritas</u> Se realizará unha proba escritas por trimestre, como mínimo. As probas escritas constarán de: - <i>Exercicios prácticos</i> de <i>xeografía</i>, como traballo con mapas, planos, datos estatísticos, elaboración de gráficos, diagramas, e de <i>historia</i>, representación de acontecementos en liñas do tempo, comentario e interpretación de mapas históricos, comentarios de textos e fontes históricas, análise comparativa dalgunhas obras de arte. Relacionados cos contidos procedementais traballados previamente. - <i>Cuestións teóricas</i> que permitan comprobar o grado de contidos conceptuais e de vocabulario acadado polo alumnado. <u>Traballo de aula</u> - Caderno do alumno/a. - Manexo das TIC. - Traballos individuais e en grupo, lecturas, actividades audiovisuais. <u>Actitude e motivación</u> - Asistencia regular, puntualidade, participación nas visitas e actividades culturais, urbanidade, esforzo persoal, traballo en equipo.	A nota numérica de cada avaliación será a media entre: Conceptos: resultado dos exámes, exercicios e traballos propostos no curso. 60% Procedementos e competencias básicas : avaliados de maneira continua por observación directa do modo de traballo do alumno/a, a través de exames, intervencións na aula e corrección de libretas. 30% As actitudes: por observación directa e continua do omportamento do alumnado. 10% Para acadar o aprobado o alumno/a terá que obter, como mínimo un 5.	O alumnado terá a posibilidade de facer unha proba escrita de recuperación despois de cada avaliación. <u>Exame final de toda a materia:</u> Se presentarán os alumnos/as que • Non aprobaron ningunha avaliación. • Que teñan algunha avaliación suspensa. • Que non presentaran os exercicios de reforzo de maneira axeitada. • Que acumulen faltas de asistencia sen xustificar ou estean en situación de absentismo escolar. Datas de exames: a mediados de cada trimestre e na semana anterior ás sesións de avaliación.

CONTIDOS MÍNIMOS DE SEGUNDO CURSO

- Manexo do vocabulario histórico e xeográfico elemental.
- Coñecemento da organización da sociedade e da economía na Idade Media e en España e Galicia.
- Coñecemento das características do Estado Moderno en Europa, os movementos culturais, Humanismo e Renacemento e as manifestacións artísticas da época.
- Comprensión da relevancia da monarquía hispánica da casa de Austria en España e no mundo, así como a conquista e colonización de América.
- Comprender a evolución histórica da distribución da poboación mundial, a mobilidade e o caso de España e de Galicia.
- Recoñecemento da transformación da cidade a partir da industrialización, da xerarquía urbana e o problema do planeamento urbano .
- Aplicación de conceptos básicos de demografía e descripción dos movementos demográficos actuais.

SEGUNDO CICLO
TERCEIRO CURSO

OBXETIVOS DO TERCEIRO CURSO

- Coñecer as grandes unidades de relevo e os accidentes xeográficos máis importantes de cada continente e sabelos localizar no mapa.
- Identificar e localizar no mapa os principais ríos galegos, españois e europeos.
- Sinalar no mapa as zonas de climas cálidos, temperados e fríos.
- Analizar a sobreexplotación e consumo desigual da auga no noso planeta.
- Comprender que na actualidade estamos asistindo á formación dun sistema mundo en tódolos campos.
- Coñecer os principais conceptos demográficos e aplicalos para a comprensión do fenómeno da explosión demográfica ao que asistimos na actualidade.
- Describir os distintos tipos de explotacións agrícolas en España e Galicia.
- Recoñecer a diferenza de recursos e produción económica dunhas zonas e outras do planeta e analiza-los casos concretos da produción agrícola, dos recursos mariños e da industria.
- Discutir os problemas pesqueiros en Galicia, España e o mundo.
- Analizar o proceso de terciarización ao que estamos asistindo, a través do estudo do sector servizo.
- Explicar a situación da economía galega e española.
- Describir o proceso de urbanización, as súas causas, desenvolvemento e consecuencias, así como as diferenzas entre o mundo desenvolvido e subdesenvolvido neste proceso.
- Describir as principais características do sistema político español e as competencias das CC. Autónomas.
- Comentar as consecuencias das desigualdades do sistema global

1.

- Comprender e asimilar os catro conceptos básicos que se deducen da investigación de todo acontecemento histórico. O Espacio (onde ocorreu), o Tempo (cando), as Causas (por que), as Consecuencias do mesmo.
- Uso correcto do vocabulario específico das CC. Sociais.
- Conceptos relacionados con organizacións supranacionais e internacionais
- Contrastar datos de diversas fontes e integralos sistematicamente.
- Obter información xeográfica a partir de distintos tipos de documentación visuais, orais e escritas.
- Realizar mapas e gráficos seguindo criterios de obxectividade na selección de fontes.
- Integrar nun medio xeográfico as distintas análises sectoriais sobre un determinado territorio sobre todo Galicia e España.
- Elaborar de eixes cronolóxicos e mapas para representar un acontecemento económico ou poboacional.

- Analizar e comentar documentos visuais variados como vídeos, diapositivas.
- Buscar e utilizar materiais como novas orais e escritas na radio, televisión.
- Ordenar e clasificar diversas fontes coa idea de crear un arquivo persoal do alumno.
- Elaborar pequenos traballos de investigación, aplicando os coñecementos, as técnicas e procedementos das CC.Sociais.
- Desenvolver no alumno/a a capacidade de análise crítica da información.
- Analizar as causas que explican os procesos históricos do século XX e as consecuencias dos mesmos.
- Analizar os problemas graves da sociedade contemporánea.
- Identificar e valorar as grandes transformacións políticas, sociais, económicas, científicas, e tecnolóxicas do mundo actual, especialmente de Galicia e España.
- Analizar e valorar as o espacio urbano do século XX como patrimonio cultural.
- Tomar conciencia dos graves problemas ecolóxicos ós que se enfronta a vida humana sobre a terra, valorar o impacto dos seres humanos sobre o medio ambiente e provocar actitudes favorables á defensa do medio.
- Ser riguroso e obxectivo na análise e interpretación dos feitos sociais do pasado e do presente.
- Valorar os principios e institucións democráticas da UE .
- Valorar o respecto ós valores humanos como fundamentais para unha convivencia pacífica, rexeitando calquera violencia.
- Potenciar actitudes de tolerancia cara outras culturas ou crenzas.
- Rexeitar os sistemas económicos que violen os dereitos humanos.
- Valorar e respectar a diversidade do patrimonio ecxeográfico.
- Sementar a participación na defensa das liberdades.
- Mostrar un interés, de feito, pola asignatura e polo estudio en xeral como base do futuro.

COMPETENCIAS BÁSICAS

1. Competencia social e cidadá

Coñecer os axentes e institucións básicas que interveñen na economía de mercado.

Entender as mudanzas que se están a producir nas relacións económicas e sociais a escala mundial.

Analizar as causas e as consecuencias das tendencias migratorias predominantes no mundo actual.

Expresar as propias opinións de forma asertiva.

Escoitar activamente e mostrar unha actitude favorable ao diálogo e ao traballo cooperativo.

Reflexionar de forma crítica sobre algúns problemas sociais como a existencia de colectivos desfavorecidos.

2. Coñecemento e a interacción co mundo físico

Identificar e localizar no mapa os principais ámbitos xeopolíticos, económicos e culturais do mundo.

Recoñecer os trazos físicos e humanos básicos do territorio español e da Unión Europea.

Recoñecer os desequilibrios territoriais na distribución dos recursos e explicar as súas consecuencias.

Tomar conciencia dos problemas que a explotación do espazo pode xerar no medio.

Suxerir actuacións e políticas concretas que contribúan ao desenvolvemento sostible.

3. Competencia cultural e artística

Desenvolver a sensibilidade para gozar con distintas expresións do patrimonio natural e cultural.

Interesarse pola conservación do patrimonio cultural.

4. Tratamento da información e competencia dixital

Obter información a través de varios tipos de fontes: documentos visuais, cartográficos, etc.

Analizar os datos numéricos e mais os indicadores socioeconómicos de táboas e diagramas.

Relacionar, procesar e sintetizar a información procedente de fontes diversas: gráficos, bocexos, mapas temáticos, bases de datos, imaxes e fontes escritas.

Comunicar as conclusións de forma organizada empregando as posibilidades que ofrecen as tecnoloxías da información e a comunicación.

5. Competencia en comunicación lingüística

Saber expresar as propias ideas e emocións, oralmente e por escrito, utilizando a terminoloxía máis axeitada en cada caso.

Interpretar textos de tipoloxía diversa, linguaxes icónicas, simbólicas e de representación.

Utilizar diferentes variantes do discurso, nomeadamente a descrición e a argumentación.

Escoitar as opinións distintas á propia con sensibilidade e espírito crítico, respectando as normas que rexen o diálogo e a intervención en grupo.

6. Competencia matemática

Extraer, analizar e comprender a información numérica de táboas, listaxes, gráficos e diagramas.

Facer cálculos matemáticos sinxelos para comparar fenómenos de carácter social e/ou xeográfico.

7. Competencia para aprender a aprender

Desenvolver o gusto pola aprendizaxe continua e a actualización permanente.

Aplicar razoamentos de distinto tipo e procurar explicacións multicausais para comprender os fenómenos sociais e avaliar as súas consecuencias.

Anticipar posibles escenarios e consecuencias futuras das accións individuais e/ou sociais.

Comprender as actividades presentadas e planificar a estratexia máis axeitada para resolvelas.

Comunicar e expresar de forma efectiva os resultados do propio traballo, argumentando de forma coherente as opinións persoais.

8. Autonomía e iniciativa persoal

Planificar a secuencia de tarefas para realizar un traballo de investigación ou de busca de información.

Saber argumentar de forma lóxica e coherente as explicacións dos conceptos e fenómenos estudados.

Tomar decisións e saber escoller o xeito máis axeitado para recuperar e presentar a información.

Facer un seguimento das aprendizaxes realizadas para tomar conciencia do que se aprendeu e mais do que falta por aprender.

CONTIDOS DE TERCEIRO CURSO

1. CONCEPTUAIS:

1º trimestre:

U.D.1- *O MARCO FÍSICO DAS ACTIVIDADES HUMANAS. O RELEVO:*

As grandes unidades do relevo. O relevo de Europa. As unidades do relevo e ríos de España. Europa: as costas e ríos. O relevo galego, as costas e os ríos. O relevo insular.

U.D.2- *O MARCO FÍSICO DAS ACTIVIDADES HUMANAS: AS PAISAXES DA TERRA:*

As paisaxes das zonas climáticas da Terra. Os climas de Europa. As paisaxes da España oceánica, mediterránea, do interior, da alta montaña e das illas Canarias.

U.D.3- *ORGANIZACIÓN ECONÓMICA DAS SOCIEDADES.*

O funcionamento da actividade económica. Os factores de produción. A economía de mercado. Os axentes económicos. O mercado laboral.

U.D.4- *A AGRICULTURA, A GANDARÍA E A PESCA:*

O sector primario. As actividades agrarias. Tipos de agricultura no mundo. Gandaría. A pesca e os seus problemas.

U.D.5- *A INDUSTRIA E A ENERXÍA*

As materias primas e as fontes de enerxía. A industria. Clasificación das industrias.

2º trimestre:

U.D.6- *OS SERVIZOS. O DESENVOLVEMENTO DO TURISMO.*

As actividades terciarias. O turismo. Os efectos do turismo.

U.D.7- *O COMERCIO E OS TRANSPORTES.*

A actividade comercial. Fluxos e bloques comerciais. A rede de transportes terrestres, aéreo e marítimo.

U.D.8- *A ECONOMÍA ESPAÑOLA. A ECONOMÍA GALEGA:*

Agricultura e gandaría en España e en Galicia. A pesca en España e Galicia. Industria, comercio transportes, servizos en España e en Galicia.

U.D.9- *ORGANIZACIÓN POLÍTICA DAS SOCIEDADES*

O Estado como organización política. Estados democráticos e estados non democráticos. Tratados, Declaracións e Organizacións supranacionais.

U.D.10- *A UNIÓN EUROPEA.*

O proceso de creación da Unión Europea. As institucións da Unión Europea. Política económica e social da U.E. España na Unión europea.

3º trimestre:

U.D.11- *ORGANIZACIÓN POLÍTICA E TERRITORIAL DE ESPAÑA.*

A monarquía parlamentaria. A organización territorial de España e o Estado das Autonomías. A autonomía de Galicia.

U.D. 12- *A GLOBALIZACIÓN.*

A globalización mundial. Desigualdades na globalización e as posibles causas.

U.D.13- *O ESPAZO URBANO.*

A urbe: desigualdades territoriais e sociais. Os novos espazos das áreas metropolitanas. Os problemas ambientais.

U.D.14- *OS FENÓMENOS MIGRATORIOS.*

As migracións na actualidade. As rutas migratorias e os efectos das migracións. As migracións en España: o pasado e o presente.

U.D.15- *NATUREZA E SOCIEDADE: HARMONÍAS E RISCOS.*

As relacións entre natureza e sociedade. O goce desigual dos recursos do planeta. Os impactos ambientais na auga, aire e vexetación. A xestión dos residuos e desenvolvemento sostible.

B-PROCEDIMENTAIS:

- Localización no mapa físico das unidades morfoestructurais da P. Ibérica.
- Comparación de diversos tipos de paisaxes e formacións vexetais.
- Análise e comparación de climogramas.
- Identificación dos residuos e axentes contaminantes do medio urbano.
- Concienciación sobre a reciclaxe.
- Participación nun debate sobre os problemas da pesca galega e española.
- Localización no mapa dos principais sectores da industria galega e española.
- Recoñecemento de diversas situacións de violación dos dereitos humanos.
- Analizar e interpretar estadísticas sobre a reparto da riqueza no mundo.
- Análise de fontes diversas para realizar pequenas investigacións.
- Análise de mapas topográficos para a comprensión dos impactos das actividades humanas no medio ambiente.
- Participación na saída “Roteiro Pondaliano”, realizado en colaboración cos departamentos de galego, ciencias e educación física.
- Proxección de vídeos documentais relacionados cos diferentes temas.

2. ACTITUDINAIS:

- Valoración crítica do impacto dos seres humanos sobre o medio ambiente no mundo actual.
- Valoración da diversidade e riqueza das paisaxes de Europa e España.
- Interese por participar na protección do medio ambiente.
- Preocupación por solucionar a desigualdade no reparto dos recursos e da produción a escala mundial.
- Curiosidade por coñecer os pros e contras da globalización.
- Predisposición a consumir en función das necesidades reais.
- Desenvolvemento de actitudes positivas cara a acollida de inmigrantes.
- Valorar a importancia do turismo en España.
- Tolerancia cara as actitudes, crenzas, formas de vida etc. De persoas ou grupos diferentes ó noso.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN DO TERCEIRO CURSO

A avaliación da aprendizaxe do alumno estará relacionada cos obxectivos xerais propostos na programación didáctica para a etapa e as competencias básicas propostas.

Valoraranse todas as actividades realizadas de modo individual e en equipo, valorarase tamén as probas, o material de traballo da clase e mailo interese amosado polo alumno e a súa actitude cara a asignatura.

Respecto á materia a avaliar valorarase:

- Identificación dos principios institucións económicas e as funcións que desempeñen dentro da economía internacional e interdependente.
- Coñecer os principios sistemas de explotación agraria existentes no mundo identificando e localizando exemplos.
- Localizar e caracterizar os principios espazos industriais e centro de produción de materias primas e fontes de enerxía no mundo.
- Identificar e localizar as comunidades autónomas, os estados europeos e as áreas xeoeconómicas do mundo.
- Identificar e valorar a existencia na nosa sociedade duna gran división técnica e social do traballo.
- Analizar o impacto na nosa sociedade do desenvolvemento científico e técnico nos ámbitos económico, social e político.
- Valorar se recoñecen as diferencias no reparto da riqueza no mundo.
- Ver se saben describir a morfoloxía das costas e paisaxes europeas.
- Ver e saber interpretar climogramas.
- Comprobar se coñecen a distribución desigual dos recursos naturais no mundo.
- Comprobar se analizan ben as consecuencias do neocolonialismo.
- Observar o manexo das TIC..

TERCEIRO CURSO

Instrumentos de avaliación	Sistemas de cualificación	Recuperación durante o curso
<i>Probas escritas</i> Se realizará unha proba escrita por trimestre, como mínimo. As probas escritas constarán de: - Exercicios prácticos de <i>xeografía</i>: traballo con mapas, planos urbanos, datos estatísticos, elaboración de gráficos, diagramas, análise e comentario de documentos, fotografías, elaboración de pequenos traballos de investigación individuais e en grupo. Relacionados cos contidos procedementais e competencias básicas traballados previamente. - <i>Cuestións teóricas</i> que permitan comprobar o nivel de análise, vocabulario específico e grado de contidos conceptuais acadado polo alumnado. <i>Traballo de aula</i> - Caderno do alumno/a. -Traballos individuais e en grupo -Lecturas -Actividades audiovisuais e manexo das TIC. <i>Actitude e motivación-</i> Asistencia regular, puntualidade, participación nas visitas e actividades culturais, urbanidade, esforzo persoal, traballo en equipo.	A nota numérica de cada avaliación será a media entre: Contidos conceptuais: resultado dos exames, exercicios e traballos propostos ó longo do curso: 60% Procedementos e competencias básicas: avaliados por observación directa do modo de traballo do alumnado, a través de exames, intervención nas aulas e corrección de libretas: 30% Actitudes: 10% Para acadar o aprobado o alumno/a terá que obter, como mínimo un 5	O alumnado terá a posibilidade de facer unha proba escrita de recuperación despois da primeira e segunda e avaliación. <i>Exame final de toda a materia:</i> Se presentarán os alumnos/as que • Non aprobaron ningún exame de avaliación. • Que teñan algunha avaliación suspensa. • Que non presentaran os exercicios de reforzo de maneira axeitada. • Que acumulen faltas de asistencia sen xustificar ou estean en situación de absentismo escolar.

CONTIDOS MÍNIMOS DO TERCEIRO CURSO

- Coñecer as principais unidades do relevo do mundo.
- Identificar as paisaxes de climas do mundo.
- Coñecer as diferentes actividades económicas das sociedades.
- Comprender a importancia do mundo como sistema.
- Identificar os principais recursos e procesos de produción.
- Coñecer e identificar os fenómenos urbanos.
- Recoñecer o mundo do traballo e diferenciar os sectores da produción.
- Analizar a organización política da Unión Europea, de España e de Galicia.
- Comprender as consecuencias da globalización.
- Coñecer os movementos de poboación de todo tipo.

SEGUNDO CICLO

CUARTO CURSO

OBXECTIVOS DO CUARTO CURSO

- Coñece-las diversas formas de representación gráfica da evolución histórica utilizando con exactitude e proporcionalidade as convencións cronolóxicas e as unidades de medida do tempo e resalta-los momentos principais de cambio nesta evolución desde mediados de século XVIII.
- Adquirir e utilizar o vocabulario específico da área con precisión e rigor.
- Utilizar as TIC para a búsqueda e tratamento da información.
- Valorar, describir e interpretar correctamente obras artísticas ou culturais de diversas etapas ou sociedades históricas desde mediados de século XVIII ata hoxe e compara-las entre elas buscando analoxías e diferencias e detectando influencias
- Sinala-los aspectos ou elementos principais que definen a maneira de ser da sociedade do Antigo Réxime e analizar cómo condicionaron a traxectoria dos feitos históricos posteriores.
- Valora-la diversidade lingüística e cultural de Europa, de España e de Galicia e ser respectuoso e tolerante cara ás actitudes, as crenzas e as formas de vida de persoas ou de grupos pertencentes a sociedades ou culturas diferentes da propia.
- Recoñece-los procesos esenciais que rexeron o funcionamento dos feitos sociais, políticos e económicos no século XX ata o final da Guerra Fría e entender así mellor as sociedades contemporáneas actuais.
- Aprecia-los dereitos e as liberdades das persoas como unha consecución irrenunciable da humanidade e unha condición necesaria para a paz, denuncia-las actitudes discriminatorias e inxustas e amosarse solidario con aqueles que estean privados dos seus dereitos ou dos recursos económicos necesarios.
- Obter e relacionar toda clase de información a partir de diversas fontes e distinguir aquilo que é información do que son opinións e tratala dunha maneira autónoma e crítica segundo o fin que se segue.
- Conseguir manexar e interpretar correctamente diversos instrumentos de traballo xeográfico e histórico, como os gráficos, os mapas, as estatísticas, etc., e utilízalos como medio de comunicar información ós outros dunha maneira organizada e intelixible.
- Facer pequenas investigacións de tipo descritivo organizando e sintetizando a información e as ideas e resolver diversos problemas por medio da aplicación de técnicas e de procedementos sinxelos de indagación propios da historia.
- Facer tarefas en grupo e participar en discusións e debates fundamentando axeitadamente as opinións e as propostas dunha maneira crítica e tolerante e valorando a discrepancia e o diálogo como unha solución para os problemas da humanidade
- Identificar e analiza-las interrelacións que se producen entre os feitos políticos, económicos e culturais que condicionan a traxectoria histórica das sociedades humanas
- Analiza-lo papel que os individuos desenvolven na traxectoria histórica, valorando a contribución e asumindo que os cambios que se introducen terán a súa repercusión no futuro.
- Identificar e valorar como enriquecemento do noso patrimonio histórico e social o conxunto

de transformacións de todo tipo que experimentou a sociedade española na segunda metade do século XX.

- Valora-la importancia do patrimonio cultural galego, así como a súa importancia para a memoria colectiva da Comunidade, apreciando a investigación, conservación e difusión.

COMPETENCIAS BÁSICAS

1. Competencia social e cidadá

- Identificar a relación multicausal dun feito histórico.
- Coñecer os principais acontecementos da Historia contemporánea.
- Comprender o funcionamento das sociedades, o seu pasado histórico, a súa evolución e transformacións.
- Recoñecer e asumir os valores democráticos; aceptar e practicar normas sociais acordes con eles.
- Expresarse de forma asertiva e mostrar unha actitude favorable ao diálogo e ao traballo cooperativo.

2. Coñecemento e a interacción co mundo físico

- Identificar e localizar os principais ámbitos xeopolíticos, económicos e culturais en que se enmarcan os acontecementos da Historia contemporánea.
- Coñecer os distintos usos do espazo e dos recursos que fixeron as sociedades ao longo dos períodos históricos estudados.
- Analizar consecuencias ecoxeográficas do modelo de explotación económica de etapas históricas contemporáneas.

3. Competencia cultural e artística

- Comprender a influencia que as artes teñen na vida cotiá dos individuos.
- Recoñecer os estilos da arte contemporánea máis representativos.
- Analizar obras de arte de distintas épocas para desenvolver a sensibilidade estética
- Adoptar unha actitude responsable en relación coa conservación e a protección do patrimonio histórico.

4. Tratamento da información e competencia dixital

- Comparar e establecer relacións entre a información procedente de diversas fontes: escritas, gráficas, audiovisuais, etc.
- Contrastar a información obtida e desenvolver un pensamento crítico e creativo.
- Elaborar a información transformando obtida e traducila a outro formato ou linguaxe.
- Empregar as posibilidades que ofrecen as TIC no tratamento da información.

5. Competencia en comunicación lingüística

- Utilizar o vocabulario propio das ciencias sociais para construír un discurso preciso.
- Desenvolver a empatía ante opinións e situacións distintas á propia.
- Manexar diferentes variantes do discurso, en especial, a descrición e a argumentación.
- Ler e interpretar textos de natureza diversa, icónicos, simbólicos e de representación.

6. Competencia matemática

- Elaborar e interpretar eixes cronolóxicos.
- Analizar e interpretar os datos cuantitativos recollidos en táboas, gráficos e diagramas.
- Facer cálculos matemáticos sinxelos para analizar e interpretar fenómenos de carácter social.

7. Competencia para aprender a aprender

- Anticipar e prever consecuencias futuras das accións individuais e/ou sociais ante problemas actuais.
- Buscar explicacións multicausais ante os fenómenos sociais.
- Utilizar distintas estratexias para organizar, memorizar e recuperar a información: esquemas, resumos, etc.
- Participar en debates e contrastar as opinións persoais coas do resto de compañeiros con actitude flexible e dialogante.
- Desenvolver o interés pola aprendizaxe continua e a actualización permanente.

8. Autonomía e iniciativa persoal

- Saber planificar o proceso de aprendizaxe.
- Discernir adecuadamente as particularidades de cada situación e de cada problema estudado.
- Saber expoñer de forma lóxica e coherente as explicacións dos conceptos e fenómenos estudados.
- Autorregular a propia aprendizaxe: tomar conciencia do que se sabe e do que falta por aprender; e realizar autoavaliacións do propio traballo.

CONTIDOS DO CUARTO CURSO

1. CONCEPTUAIS:

1º trimestre:

U.D.1.- *NACEMENTO DO ESTADO MODERNO.*

Formación das monarquías autoritarias. Expansión europea. Descubrimento de América. Sociedades precolombinas.

U.D.2.-*RENACEMENTO E REFORMA..*

Humanismo. Reforma protestante. Contrarreforma católica. Renacemento.

U.D.3- *OS AUSTRIAS.*

A casa de Austria. Filipe II. Crise do século XVII. Explotación de América. O Século de Ouro.

U.D.4- *EUROPA DO BARROCO.*

Población. Economía. Sociedade. O Absolutismo. Arte.

U.D.5-*A EUROPA DA ILUSTRACIÓN.*

O pensamento. Ideas políticas e económicas. Parlamentarismo inglés. España.

2º Trimestre:

U.D.6- *ÉPOCA DAS REVOLUCIÓN LIBERAIS.*

Crise do Antigo Réxime. Revolución francesa. Restauración. Revolucións liberais. Novo sistema político. Os nacionalismos.

U.D.7- *O NACEMENTO DA INDUSTRIA.*

Bases da revolución industrial. As novas fontes de enerxía. Sectores industriais. Revolución dos transportes. Sistema capitalista. Movemento obreiro. Marxismo. Anarquismo. Internacionalismo.

U.D.8- *ESPAÑA NO SÉCULO XIX.*

Crise do Antigo Réxime. Revolución liberal. Reforma agraria e industria. Restauración monárquica. Sociedade.

U.D.9- *O IMPERIALISMO.*

Expansión colonial. 1ª Guerra Mundial. Cultura e arte.

U.D-10- PERÍODO DE ENTREGUERRAS.

A revolución rusa e a URSS. O crac do 29. Fascismo. Nazismo.

U.D.11- ESPAÑA NO PRIMEIRO TERCIO DO SÉCULO XX.

A Restauración borbónica. Segunda República. Guerra civil.

3º Trimestre:

U.D.12- SEGUNDA GUERRA MUNDIAL E CONSECUENCIAS.

Causas. Desenvolvemento. Consecuencias. Guerra fría. Descolonización. Terceiro Mundo.

U.D.13- OS BLOQUES.

A hexemonía americana. Unión Europea. Xapón. Europa do Leste. Expansión do comunismo. Arte e cultura.

U.D.14- CAÍDA DOS BLOQUES.

Fin do comunismo na URSS. Caída do muro de Berlín. A nova orde internacional..Conflictos no mundo actual.

U.D.15- A DICTADURA FRANQUISTA.

Posguerra. O desarrollismo. Oposición a Franco. Fin do Réxime.

U.D.16- ESPAÑA EN DEMOCRACIA.

Consolidación da democracia. Autonomías. Etapa socialista. Sociedade. Da crise económica á Unión Europea.

U.D.1- HISTORIA DE GALICIA.

Dende os RR.CC. ata o Estado das autonomías (1978).

PROCEDIMENTAIS:

- Análise e interpretación de fontes históricas diversas relacionadas coa historia moderna e contemporánea.
- Representación e interpretación de procesos de cambio por medio de mapas, eixes temporais,...
- Realización de eixes cronolóxicos para ordenar secuencias temporais en periodos e feitos importantes da época.
- Localización temporal e espacial de acontecementos históricos.
- Identificación de causas e consecuencias.
- Análise e comparación de mapas históricos.
- Análise e comparación de sistemas políticos diferentes.
- Realización de pequenos traballos de investigación fora da aula e comparación da información recollida.
- Utilización da prensa, obras literarias, audiovisuais, para a comprensión de temas concretos.
- Proxección de documentais e películas relacionadas coa materia.
- Participación nas saídas interdepartamentais dos “Roteiros” oteriano, pondaliano e rosaliano.
- Visitas ao Museo de Belas Artes en colaboración co departamento de “plástica e visual”.
- Lectura de libros de historia e de novelas históricas relacionados coa materia.

C -ACTITUDINAIS:

- Interés polo coñecemento do pasado.
- Valoración dos principios éticos como normas para a vida, como persoa e como cidadán.
- Sensibilidade ante os problemas actuais de inxustiza social.
- Sensibilidade e solidariedade ante as situacións políticas e sociais de falta de liberdades, ausencia de dereitos e situación de pobreza.
- Solidariedade contra actitudes discriminatorias.
- Concienciación ante os problemas do Terceiro Mundo.
- Rexeitamento da guerra como forma de solucionar os conflitos e apoio de solucións pacíficas.
- Concienciación do deterioro do medio ambiente.
- Valoración do progreso científico e tecnolóxico actual.
- Respecto e tolerancia cara as xentes doutras culturas que viven hoxe nas nosas cidades.
- Rexeitamento do racismo.
- Valoración do pasado histórico como patrimonio de todos e polo tanto mostrar maior interés en conservalo.
- Interés pola conservación e mellora na paisaxe natural.
- Interés polo coñecemento das institucións e órganos representativos de Galicia e de España.
- Valoración da Constitución como norma de convivencia para os habitantes do Estado.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

A avaliación da aprendizaxe do alumno estará relacionada cos obxectivos xerais propostos na programación didáctica para a etapa.

Valoraranse todas as actividades realizadas de modo individual e en equipo, valorarase tamén as probas e mailo interese amosado polo alumno e a súa actitude cara a asignatura.

Respecto á materia a avaliar valorarase:

- Identificación dos principios institucións económicas e as funcións que desempeñen dentro da economía internacional e interdependente.
- Coñecer os principios sistemas de explotación agraria existentes no mundo identificando e localizando exemplos.
- Localizar e caracterizar os principios espazos industriais e centro de produción de materias primas e fontes de enerxía no mundo.
- Identificar e localizar as comunidades autónomas, os estados europeos e as áreas xeoeconómicas do mundo.
- Identificar e valorar a existencia na nosa sociedade duna gran división técnica e social do traballo.
- Analizar o impacto na nosa sociedade do desenvolvemento científico e técnico nos ámbitos económico, social e político.
- Valorar se recoñecen as diferencias no reparto da riqueza no mundo.
- Ver se saben describir a morfoloxía das costas e paisaxes europeas.
- Ver e saber interpretar climogramas.
- Comprobar se coñecen a distribución desigual dos recursos naturais no mundo.
- Comprobar se analizan ben as consecuencias do neocolonialismo.
- Interpretar e analizar documentos e textos de carácter histórico, referidos ós grandes acontecementos do s. XX.
- Elaborar e comentar mapas históricos.
- Ver se asimilan o proceso de descomposición e evolución do mundo socialista.
- Coñecer os conflitos internacionais máis recentes.

CUARTO CURSO

Instrumentos de avaliación	Sistemas de cualificación	Recuperación durante o curso
<u><i>Probas escritas</i></u> Se realizará unha proba escritas por trimestre, como mínimo que constará de: - <i>Exercicios prácticos</i> : colocación de acontecementos en liñas do tempo, comentario e interpretación de mapas históricos e textos de diverso tipo, históricos, gráficas e estadísticas, económicos, artísticos, análises comparativas, elaboración de pequenos traballos de investigación individuais e en grupo. Relacionados cos contidos procedementais traballados previamente. - <i>Cuestións teóricas</i> que permitan comprobar o grado de contidos conceptuais, de vocabulario específico e de actitude crítica, acadado polo alumnado. <u><i>Traballo de aula</i></u> - Caderno do alumno/a. - Traballos individuais e en grupo, lecturas, actividades audiovisuais. - Manexo das TIC. <u><i>Actitude e motivación</i></u> - Asistencia regular, puntualidade, participación nas visitas e actividades culturais, esforzo persoal, traballo en equipo.	A nota numérica da avaliación será a suma de Os contidos conceptuais: resultado dos exames, exercicios e traballos propostos ó longo do curso: 60% Procedementos e competencias básicas: avaliados por observación directa do modo de traballo do alumnado, a través de exames, intervencións na aula e corrección de libretas: 30% Actitude: 10% Para acadar o aprobado o alumno/a terá que acadar un 5.	O alumnado terá a posibilidade de facer unha proba escrita de recuperación despois da primeira e segunda avaliación. <i>Exame final de toda a materia:</i> Se presentarán os alumnos/as que • Non aprobaron ningunha avaliación. • Que teñan algunha avaliación suspensa. • Que non presentaran os exercicios de reforzo de maneira axeitada. • Que acumulen faltas de asistencia sen xustificar ou estean en situación de absentismo escolar. Datas dos exames: a mediados de cada trimesrte e na semana anterior ás sesión de avaliación.

CONTIDOS MÍNIMOS

- Empregar o vocabulario específico da materia e utilizalo con rigor.
- Manexar as TIC na elaboración de traballos individuais e en traballos cooperativos de aula.
- Coñecer rasgos básicos da Europa do barroco: economía, sociadae, sistemas políticos, manifestacións artísticas máis destacadas.
- Entender o significado político da entrada dos Borbóns en España o século XVIII.
- Coñecer o pensamento ilustrado europeo.
- Comprender a relevancia e a repercusión histórica da Revolución francesa.
- Recoñecer e diferenciar as revolucións liberais e os conceptos liberalismo, nacionalismo, socialismo, marxismo, anarquismo, internacionalismo.
- Recoñecer as transformacións políticas, económicas, sociais e artísticas de España e de Galicia no século XIX.
- Valorar a importancia da Revolución Industrial.
- Coñecer os grandes conflitos da 1ª metade do século XX.
- Coñecer a historia española dende a Restauración ata o franquismo.
- Identificar ascaracterísticas dos bloques socialista e capitalista
- Entender o proceso de descolonización do Terceiro Mundo e o neocolonialismo e a globalización.
- Entender o proceso de configuración do Estado democrático en España e os nacionalismos periféricos.
- Coñecer e describir os novos movementos sociais e culturais no mundo actual.
- Coñecer as institucións políticas galegas e estatais e internacionais.

AVALIACIÓN DOS ALUMNOS/AS PENDENTES DE CURSOS ANTERIORES

Para os alumnos/as que teñan pendente a materia de Ciencias Sociais do curso anterior, os profesores/as elaborarán un plan de seguimento durante todo o curso consistente en boletíns de recuperación con cuestións e actividades relativas as unidades didácticas do curso pendente.

O boletín entregaráselles a principios do mes de outubro.

O alumno/a recibirá tamen unha relación de datas nas que ten que entregar o citado boletín ao profesorado encargado para a súa corrección.

Se realizarán tres exames ao longo do curso de maneira que coincidan coas datas da avaliación ordinaria.

As datas previstas, marcadas pola xefatura de estudos son:

Primeira avaliación, do 24 ao 28 de novembro.

Segunda avaliación, do 2 ao 6 de marzo.

Terceira avaliación, do 25 ao 29 de maio.

A nota final da materia será a media dos exames. Terase en conta o interese e aproveitamento demostrados no traballo e elaboración dos materiais curriculares entregado ao alumnado. O alumno/a entregará o cadernillo no último exame.

Avaliación dos alumnos do curso de *adaptación curricular* : encargarase o profesor/a que estea a impartir o curso, seguindo criterios adaptados ao proceso de adaptación curricular.

PROBAS EXTRAORDINARIAS

Os alumnos/as que non superen o curso no mes de xuño, terán que presentarse ao exame de setembro nas datas que marque a xefatura de estudos do IES.

A proba se axustará aos contidos mínimos programados para cada curso.

Consistirá nun exercicio escrito composto con algunhas das actividades prácticas e cuestións teóricas, traballadas na aula ao longo do ano escolar.

O exercicio, similar aos feitos en avaliacións ordinarias, terá unha puntuación máxima de 10. Para acadar o aprobado o alumno/a ten que obter un mínimo de 5 puntos.

A avaliación da materia de ciencias sociais non ten carácter progresivo. O alumno/a ten que aprobar todos e cada un dos cursos. O feito de ter aprobado o cuarto curso non implica que automaticamente lle queden aprobados os cursos anteriores.

METODOLOXÍA

Entendemos que a metodoloxía xeral do primeiro ciclo ha de ser basicamente descriptiva, tanto nos contidos de xeografía como nos de historia, pola necesidade de adaptarse ás capacidades reais dos alumnos. No segundo ciclo aumentarase progresivamente o grao de formalización e de abstracción dos contidos e das actividades, pero combinando sempre unha metodoloxía expositiva e unha metodoloxía indagatoria.

Naqueles contidos nos que se aborda a medio físico e o espazo xeográfico, no ámbito procedimental traballárase prioritariamente aquelas técnicas e habilidades relacionadas coa observación directa e co procesamento da información cartográfica, estadística e gráfica; no ámbito actitudinal terán especial relevancia os de carácter medioambiental.

Nos contidos conceptuais que tratan a poboación e a explotación dos recursos, os procedementos a desenvolver serán a representación sintética da información mediante esquemas gráficos que expresan o resultado de análise de datos estadísticos e a interpretación da información facilitada polos medios de comunicación. Respecto ós contidos actitudinais, dase prioridade ó desenvolvemento das actitudes relacionadas co rigor crítico e a curiosidade científica.

Nos contidos conceptuais relativos á evolución histórica farase fincapé na análise da continuidade dos elementos do pasado, o tratamento das fontes históricas e a análise multicausal definen a orientación dos contidos procedimentais. O contido actitudinal baséase fundamentalmente no desenvolvemento da tolerancia e do relativismo cultural.

Os contidos conceptuais relacionados coa organización política e o mundo actual o ámbito procedimental estará centrado prioritariamente na explicación multicausal dos feitos sociais e no desenvolvemento das capacidades relacionadas coa argumentación e o xuízo crítico. As actitudes de tolerancia, solidariedade e os valores democráticos, así como a implicación nas cuestións colectivas centrarán o contido actitudinal.

Nos contidos conceptuais de cultura e arte, os procedementos a desenvolver serán os relacionados coa interpretación e análise de obras de arte. E o desenvolvemento da sensibilidade artística e a valoración do patrimonio cultural de Galicia, de España e da Humanidade en xeral, serán os contidos actitudinais básicos.

Partindo da base de que a profundidade do concepto de avaliación compete á programación de aula de cada profesor, as directrices básicas e comúns do departamento son as seguintes:

A avaliación terá tres modalidades dependendo do momento ou situación na que se produza: inicial, formativa e final.

A avaliación inicial realízase ó comezo do curso para axustar na programación de aula a programación xeral ás necesidades, capacidades e coñecementos previos dos alumnos. Ademais farase tamén unha avaliación inicial ó comezo de cada tema para avaliar os conceptos previos de cada alumno e construír así unha aprendizaxe significativa.

A avaliación formativa permite ós profesores coñecer o grao en que os alumnos van adquirindo as aprendizaxes e facilita un seguimento personalizado do proceso de maduración e a determinación das dificultades educativas especiais dos alumnos, ademais de axudar a axectar o proceso educativo á situación e o ritmo de cada alumno e grupo concreto. Para levar adiante esta avaliación utilizaranse como instrumentos a observación sistemática e a análise das producións dos alumnos, ademais de axudar a axectar o proceso educativo á situación e ó ritmo de cada alumno e grupo concreto. Para levar adiante esta avaliación utilizaranse como instrumentos a observación sistemática e a análise das producións dos alumnos (cadernos de clase, exercicios, participación,...).

A avaliación final ou sumativa valora os resultados da aprendizaxe para comprobar se

acadan o grao de desenvolvemento desexado. Para realizar esta última avaliación teranse en conta xunto cos resultados acadados ó longo da avaliación formativa os resultados das probas específicas, que incluírán a exposición de temas, resolución de exercicios e cuestionarios

TEMAS TRANSVERSAIS

O Decreto 78/1993, do 25 de febreiro, polo que se establece o currículo da E.S.O. na Comunidade Autónoma de Galicia establece, no seu artigo 5º, apartado 5, que a educación moral e cívica, a educación para a paz, para a saúde e a calidade de vida, a educación para a igualdade entre os sexos, a educación ambiental, a educación sexual, a educación ó consumidor, a educación para o lecer estarán presentes a través das diferentes áreas ó longo de todas as etapas.

De acordo con estes obxectivos a programación desenvolve estas ensinanzas nos contidos de todos os cursos de acordo cos seguintes parámetros:

EDUCACIÓN MORAL E CÍVICA:

- Considerar os códigos éticos máis alá dun código normativo social e relixioso, reparar na necesidade de elaborar criterios morais propios razoados, solidarios e non suxeitos a simples ensinanzas.
- Coñecer os sistemas éticos e morais máis relevantes da actualidade e do pasado, que teñen unha incidencia na sociedade actual.

EDUCACIÓN PARA A PAZ:

- Delimitar o concepto de paz, máis alá da visión occidental herdada do termo “paz romana” (ausencia de conflitos bélicos entre estados), considerándoo non coma antítese da guerra senón coma termo oposto ó de violencia.
- Analizar conflitos sociais reparando nos seus componentes básicos (persoas, proceso e problemas ou diferencias esenciais) e relacionalos axeitadamente co seu contexto temporal e espacial.
- Comprender a interdependencia mundial entre os países e a mundialización dos problemas sociais, para reparar na súa complexidade.
- Coñecer o contido básico da declaración de dereitos humanos, a súa historia e a súa razón de ser na sociedade actual.
- Desenvolver a solidariedade entre os pobos, a través do estudio e valoración dos desequilibrios socioculturais e económicos entre estados, facendo especial fincapé na situación dos países subdesenvolvidos.
- Coñecer as bases éticas do sistema democrático e as súas características concretas a través da análise da historia do constitucionalismo e da Constitución vixente.

EDUCACIÓN PARA A SAÚDE E A CALIDADE DE VIDA. EDUCACIÓN SEXUAL:

- Coñecer, dende unha perspectiva histórica e xeográfica, a ampla gama de hábitos culturais relacionados coa alimentación, a hixiene, as enfermidades; así como a evolución que pode observarse ó longo da historia da humanidade.
- Adquirir unha actitude crítica, respectuosa e tolerante coa diversidade de opinións, e valorar o diálogo como vía necesaria para a resolución dos problemas humanos.

EDUCACIÓN PARA A IGUALDADE ENTRE SEXOS:

- Comprender a diferenza entre sexo e xénero.
- Estudiar os fenómenos e procesos sociais, incorporando a economía doméstica, a historia do papel da muller e incluír o feminismo entre os proxectos éticos.

- Recoñecer os sesgos sexistas que se atopan nas interpretacións dos feitos sociais e na mesma documentación.

EDUCACIÓN AMBIENTAL:

- Comprender o medio ambiente como sistema e reparar na importancia da interrelación e mutua dependencia dos elementos tanto naturais como antrópicos.
- Adquirir un dominio das escalas temporais e espaciais amplo dabondo como para poder tomar conciencia das consecuencias a curto e longo prazo de calquera intervención no medio.
- Profundizar no coñecemento do medio, facendo especial énfase nas nocións de enerxía, equilibrio, crecemento, economía, orde, cooperación...
- Analizar as manifestacións da intervención humana dende o punto de vista da súa incidencia no medio ambiente.
- Adquirir unha visión histórica da evolución da actividade antrópica e a súa repercusión ambiental especialmente ligada á obtención e xestión da enerxía.
- Analizar os problemas medioambientais baixo un esquema multifactorial e contextualizado, evitando interpretacións excesivamente xeneralizadoras e posicións dogmáticas.
- Abordar problemas referidos ó contorno e formular posibles estratexias de solución.
- Defender a necesidade de cooperación social en relación á xestión medioambiental, no ámbito local, nacional e internacional, e adoptar unha actitude de colaboración activa.

EDUCACIÓN PARA O LECER:

- Comprender o lecer dende unha perspectiva histórica como unha conquista social que se deriva da diminución da xornada laboral e a disposición de máis tempo libre.
- Comprender o lecer como unha realidade actual que se desprende do reparto do traballo e o aumento obrigatorio das horas libres.
- Recoñecer no lecer as posibilidades de disfrute tanto individual como colectivo da natureza, o contorno, a cultura, a ciencia,...

EDUCACIÓN DO CONSUMIDOR:

- Adquirir conciencia de consumidor e actuar en consecuencia, sendo consciente dos seus dereitos e responsabilidades.
- Coñecer a existencia e sentido básico da lei para a defensa dos consumidores e usuarios.

EDUCACIÓN VIAL:

- Comprender a organización do territorio e o espazo urbano en interacción coas redes de comunicación e transporte.
- Analizar as causas dos accidentes e os problemas medioambientais que ocasiona o uso de diferentes tipos de vehículos.

ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Segundo o disposto no Real Decreto 1631/2006 do MEC se establecen unas ensinanzas mínimas para a ESO na nosa comunidade. Nelas se propugna un ensino comprensivo, o que implica recoñecer a diversidade do alumnado e a necesidade de adaptación aos diferentes estilos e ritmos de aprendizaxe dos alumnos/as para acadar a asimilación das competencias básicas que se establecen para a ESO.

E co fin de adaptarse aos diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado o profesorado aplicará actividades de reforzo, para poder desenvolver estratexias adaptadas a cada caso, na medida do posible.

Para aqueles alumnos que durante o transcurso do curso presenten dificultades desenvolveranse exercicios complementarios de reforzo que, xunto cunha maior atención específica na clase, lles permitan acadar os niveis normais.

Igualmente, para aqueles alumnos que presenten unha maior facilidade desenvolveranse exercicios complementarios que lles permitan ampliar os seus coñecementos.

Finalmente, para aqueles que non acadaran os contidos mínimos e as competencias básicas establecidas para o curso ou para a etapa, anterior se programará un conxunto de actividades de reforzo que, graduadas ao longo do curso, lles permitan acadar os mínimos esixidos.

SAÍDAS E VISITAS CULTURAIS

O departamento programa realizar unha serie de visitas e saídas a diferentes lugares de interés artístico, histórico, xeográfico, que poñan en contacto, aos alumnos e alumnas, cos múltiples aspectos da nosa cultura.

Galicia pode resultar, paradójicamente unha comunidade descoñecida para os seus propios cidadáns. Descubrir, coñecer como foi evolucionando en tódolos ámbitos é algo que ao alumnado lle resulta atractivo, inmediato. A través destas visitas o alumnado poñerá en relación co pasado, o cal axudaralles a comprender mellor o presente.

PRIMEIRO CICLO:

PRIMEIRO CURSO – Torre de Hércules no programa do Concello “Descubrir Coruña”.

SEGUNDO CURSO – Cidade Medieval no programa do Concello “Descubrir Coruña”.

Roteiro Pondaliano. Saída interdepartamental a Borneiro, Dombate, Ponteceso, Balarés...

SEGUNDO CICLO:

TERCEIRO CURSO – Pola cidade Vella.

Roteiro Rosaliano. Saída interdepartamental con visitas á Catedral de Santiago, Museo do Pobo Galego, Padrón.

CUARTO CURSO:

- Museo de Belas Artes da Coruña no programa “Descubrir Coruña”.

Roteiro Oteriano. Visita interdepartamental á Oseira, Trasalba, Ourense.

MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Para o desenvolvemento das unidades didácticas utilizaranse os seguintes libros de texto:

1º CURSO: “Fisterra 1” Ciencias Sociais, Xeografía e Historia.

Ed. Vicens-Vives.

2º CURSO: “Tempo 2” Ciencias Sociais, Xeografía e Historia.

Ed. Vicens-Vives.

3º CURSO: “Fisterra 3”. Ciencias Sociais, Xeografía.

Ed. Vicens-Vives.

4º CURSO: “Tempo 4” Ciencias Sociais, Xeografía e Historia.

Opción B

Ed. Vicens-Vives.

Libros de lectura de temática variada relacionada coa materia que resulten amenos e instructivos.

Como materiais didácticos complementarios utilizaranse, en función das necesidades de cada unidade didáctica: mapas murais, mapas mudos, transparencias, diapositivas e vídeos, Atlas, textos, fotografías, internet.